



ENTENZA

Antigamente era nomeada esta parroquia Anfeza e Antenza segundo escrituras do século 12 que así o refiren, e hoxe chamámola Entenza. Este nome tomouno dun castelo moi antigo que tivo nun outeiro que está no seu centro titulado de Tenza e tamén de Antenza, do que daremos noticia adiante no capítulo 31. Venera por Patróns tutelares aos Santos Menos irmáns Xusto e Pastor, martirizados en Alcalá de Henares, a súa patria, a quen lle celebran a festa no seu día propio 6 de Agosto. A súa poboación é de 69 veciños, que recoñecen por Xuíz no contencioso ao que hai na mesma parroquia, e polo político e gobernativo ao de Salceda. Está regulado o seu décimo en 24.000 reais anuais, que leva insolidum o Abade párroco, que ten Casa Reitoral e Igrexario de 12 ferrados e cuarto de pan en semente; percibe ademais de renda foral en cada ano 15 ferrados de trigo, 14.½ de centeo, 12 de miúdo, 78 de millo, 8 cabazos de viño, 16 galiñas e 5 polos. A fábrica da Igrexa cobra 700 reais anuais en censos. Paga o Párroco de pensión sobre os décimos ao Cabido Catedral de Tui 15 ferrados de centeo e 30 de miúdo. Segundo as Sinodais do Sr. Dn. Diego de Avellaneda, de Agosto do ano 1528, era este Beneficio de presentación Ordinaria do Bispo, pero antes e despois daquel tempo aparece de patronato de leigos, a saber da familia dos Parcero; e foron presenteiros del Gregorio e Esteban Parcero, entre outros consortes. Despois o Cóengo de Tui Dn. Morguete Rodríguez, fundador da Casa Morgado dos Troncosos Señores da Picoña, fixose con toda a presentación por doazóns que ao seu favor fixeron os compatronos; pero anos adiante os sucesores do referido cóengo perderon este dereito, o que din por térselles probado simonía en certa presentación do indicado Beneficio; e hoxe en día, e de moitos anos a esta parte, é de patronato Real e Ordinario. Ten Entenza unha Capela dedicada á Asunción da Nsa. Sra. inmediata ao camiño que ven a esta Cidade, que mandou facer o Párroco de aquí Dn. Juan Lorenzo Carbajal no ano 1601 como resulta dun rótulo que conserva gravado na súa fronteira no que se le isto.



113

SANTOS XUSTO E PASTOR



“Esta hermita mando hacer
Jua. Lco. Carbajal Abade D^e enta. 1601.”

Anos máis tarde, por atoparse deteriorada dita ermida, removeuna dos fundamentos con mellor fábrica un devoto anónimo no ano 1698, quedando a súa memoria perpetuada noutro setreiro do mesmo frontis, que di así:

“Redifícase por un Devoto Año 1698.”

Tamén hai en Entenza outra capela particular co título de Sn. Braís Bispo e Mártir; e unha capellania colativa fundada por un Indiano coa carga ao seu posuídor, entre outras, de por escola de primeiras letras para ensinar aos Menos pobres ou no seu defecto pagar 6 ducados cada ano a quen o faga. Dista da Capital unha legua.” (Ávila y La Cueva, 318-320).

Igrexa parroquial

A súa orixe máis probable é románica, da que só nos dá mostra a porta de entrada en arco de medio punto.



En escritos do século XII era coñecida polo nome de Antenza.

No ano 1337, o castelo de Entenza, igual que estas posesións, pertencían ao abade do Mosteiro de Oia.

O rei Enrique II concedeu, en 1371, algúns bens que pertenceron a D. Suero Yáñez de Parada, Merino Maior de Galicia, ao Bispo de Tui Xoán de Castro, para premialo pola súa lealdade na loita contra Fernando I de Portugal que lle orixinou bastantes deterioros na cidade de Tui. Entre outros consta a cesión de Entenza e o seu castelo.

A finais do século XV, igual que moitas torres e fortalezas, o castelo de Entenza foi derrubado, debido ás loitas irmandiñas e á acción dos Reis Católicos.

A ábsida actual foi construída no 1727. De feito, na visita pastoral deste ano realizada polo Bispo Arango y Queipo, este manda ao Abade que a alargue e a fabrique en proporción co corpo da igrexa. Foi reconstruída case na súa totalidade a comezos do século XVIII, adaptándose ao estilo do momento.

No ano 1943, nunha nova reforma, cambiouse a espadana pola torre actual de campanario.

A fachada principal (112), no Oeste, presenta unha gran sinxeleza. A porta fórmase cun arco de medio punto sen máis adorno que as arestas rebaxadas e o marcado das doelas que forman o arco.

No centro, unha ventá circular, con moldura. Nesa altura inicia, nos extremos, a cornixa moldurada que percorrerá os paramentos laterais baixo o alero do tellado.

Rematan o paramento nos extremos pináculos piramidais con bola sobre unha potente base cuadrangular. Dende eles ascéndese en curva ata a base da torre cadrada situada no centro sobre unha pequena cornixa voada.

O campanario ten catro ocos de arco semicircular moldurados e con adorno central superior e balastrada pétreo de tres pés en cada un deles. Os esquinais son apilastrados e con moldura superior na que se apoia unha cornixa similar á da base. Nos extremos dela están pináculos piramidais rematados en bola sobre un prisma labrado.

Remátase con agulla en forma de pirámide octogonal que finaliza en bola e cruz pétreo.





118

Os paramentos laterais norte e sur da nave son semellantes. Afiázanse con tres contrafortes que a dividen nos seus tramos. No primeiro deles atopamos unha ventá rectangular coas arestas rebaixadas. No lado norte, baixo esta hai unha porta lateral cadrada. No último tramo hai unha ventá cadrada de derrame interno, construída posteriormente. Rematan contra as pilastras da capela maior. O tellado é a dúas augas.

A capela maior ten máis altura que a nave. Preséntase sobre potentes pilastras esquinais con fortes bases e dobre moldura sobre elas. Os remates tamén son potentes e sustentan a cornixa do tellado, que é a catro augas e remata con cruz no cumio. No vento sur atópase a sancristía, máis baixa, con tellado a dúas augas con capias, pináculos extremos e cruz central. No norte obsérvase unha imposta que podería corresponder ao comezo doutro tellado similar e apréciase que foi tapiado o oco onde podía haber unha sancristía similar. O paramento leste ten unha fiestra similar ás do primeiro tramo da nave, pero non se aprecia polo interior debido ao retablo. Tamén no sur, ao lado da sancristía abriuse unha ventá de derrame interno que dá luz ao presbiterio.

No **interior** (115) o piso é de pedra. Os paramentos da nave están enfoscados, igual que o teito a dúas augas, deixando en pedra vista os arcos portantes e as pilastras que os sustentan, así como os ocos do segundo tramo onde se sitúan os retablos laterais e os arcosolios do terceiro tramo.

O arco triunfal de medio punto apóiase en fortes pilastras e dá paso á capela maior cos paramentos laterais enfoscados e unha bóveda de cruzaría de catro nervos, apoiados en ménsulas cunha clave a modo de pinxante.

O **retablo maior** (114) ocupa completamente o paramento leste. Un fermoso **frontal de altar** (116) divide o **sotobanco** (117) aproveitado a modo de armario con decoración xeométrica nas súas portas.

A predela é ampla e sustenta o único corpo do retablo. No centro dos paneis sitúanse as peñas das rúas laterais. Divídese coas ménsulas nas que se apoian os estípites que sustentan o entablamento do ático. No centro ábrese a fornela principal, bastante fonda, que acolle o pedestal do expositor no que, na actualidade, sitúase o **Sagrario** (118). É posterior e non pertence a este retablo. Na porta represéntase a Eucaristía.

O corpo artículase en tres rúas por medio de estípites que as enmarcan. A fornela central é de arco trilobulado, o mesmo que as laterais do ático. As laterais do corpo son planas e teñen arco de medio punto.

A fornela central do ático ten gran profundidade e fómase tamén cun arco de medio punto. Para darlle esa profundidade acóplanse tres machóns a cada lado escalonados.

A ornamentación de todo o conxunto é moi rica, non deixando case ningún espazo libre. Basicamente é vexetal, pero tamén atopamos algunha cabeza de anxo nos machón da fornela central do ático. Para ocupar todo o paramento engadíronse nos laterais do corpo uns taboleiros tamén ornamentados. O ático acomódase ben coa curva da bóveda.

As fornelas co corpo están ocupadas polas imaxes de **S. Pedro (119)** e **S. Paulo (120)**. A fornela central do ático ten os patróns: **Stos. Xusto e Pastor (113)**. A da dereita acolle a **S. Miguel (121)**, e a da esquerda unha imaxe da Virxe do Carme que non pertence ao conxunto.

Toda a imaxinería ten un tratamento meticuloso e de gran movemento, como se mostra nos traxes e a actitude dos personaxes, aínda que teñen un canon corto.

Antes da restauración ocupaba unha das fornelas do ático a imaxe de S. Francisco Xavier, que neste momento atópase no oco dunha fiestra da nave.

A data de construción e de colocación do retablo é 1737-1738, como consta no libro de fábrica da parroquia.

Polo seu estilo pertence ao taller de Antonio del Villar, que podemos apreciar noutros da mesma época existentes na nosa Diocese.

Hoxe en día, sobre a meseta do sotobanco e apoiadas na predela, a cada lado do expositor, atopamos elementos dunha **táboa de Ánimas (122.123)** de gran expresividade.

Este retablo foi restaurado na década dos noventa do século pasado coa axuda de Patrimonio da Xunta de Galicia.

No presbiterio atopamos tamén a primitiva pía bautismal desta parroquia.

Pola parte exterior do receptáculo ten labradas como ondas na pedra, para representar a auga viva, a auga que limpa e que da nova vida a quen recibe o bautismo.

No segundo tramo da nave atopamos outros dous retablos acomodados nunhas fornelas abertas nos paramentos laterais.

No paramento norte está o da **Virxe do Rosario (124)**. (Nalgunhas referencias chámanlle Virxe do Alumbramento).

É un retablo de transición ao Neoclásico segundo nos mostra a súa estrutura sobre liñas máis depuradas, pero aprovéitanse adornos florais propios do Barroco. Pódese datar a comezos do século XIX, pero sufriu reformas e alteracións que podemos observar nos laterais e na cornixa superior, que foron mutilados para adaptalo ao lugar no que o atopamos.



Ile profetizara o ancián Simeón na presentación do Neno no Templo.

Nos extremos da cornixa superior, colocáronse dúas imaxes, que evidentemente non corresponden a este tipo de retablos fornela: **S. Xosé (127)** e S. Antón Abade.

Na sancristía conserva, xunto ás imaxes dos santos patróns, fotocopia da Auténtica das reliquias dos mesmos que se atopan nesta parroquia, dada polo bispo de Alcalá de Henares D. Xesús Catalá Ibáñez o 4 de novembro de 2007.

A cruz parroquial foi realizada por Francisco Castro, prateiro natural de Vigo, aproximadamente no ano 1735.

Entenza ten depositadas no Museo diocesano varias imaxes, entre elas unha de S. Sebastián, talla en madeira, igual que unha cabeza de anxo. Ten ademais tres cruces estandarte, unha de prata e dúas de bronce. Pero cabe destacar a curiosa imaxe de **Sta. Ana coa Virxe Nena (128)**, en madeira policromada, do século XVIII, e unha **Inmaculada (129)** do século XVI, tamén en madeira policromada.

Para rematar, dúas curiosidades sobre esta igrexa de Entenza:

- Dende 1517 ata 1538 foi abade nesta parroquia D. Pedro Antonio Marliano. Era fillo de D. Luís de Marliano, médico da Casa Real que, o enviuar, fíxose sacerdote e foi nomeado bispo de Tui, tomando posesión nese mesmo ano de 1517.

- O côengo de Tui Alcoba conta que era costume que os bispos nomeados para a sede tudense, antes de entrar na cidade para a toma de posesión da mesma, viñeran a esta parroquia



e recibiran na abadía ao Cabido Catedralicio. Dende aquí comezaba o camiño para a entrada pública en Tui. Así o fixo o 3 de novembro de 1682, D. Alfonso Galaz Torrero, que tomara posesión por poderes o 6 de agosto dese mesmo ano. Foi bispo de Tui de 1682 a 1688.

O adro da igrexa está pechado e sobre o muro atopamos un Vía Crucis que, polo que podemos apreciar, tivo varias reconstrucións, xa que os tamaños e as formas das cruces varían sensiblemente.

Preto da igrexa atópanse un cruceiro recente e un peto de ánimas que está en mal estado, xa que foi violentado e desapareceulle o retabliño que contiña, o mesmo que a cruz de remate.

Capela da Ascensión (130)

Esta capela foi mandada construír polo abade D. Juan Lorenzo Carvajal no ano 1601 segundo consta nunha inscrición que conserva na fachada, aínda que as pedras da mesma foron separadas. A data consta nunha doela do arco da porta e o resto do texto nun perpiaño que xa está roto; colocárono na parte alta e queda un pouco tapado polo tellado do pórtico.

Mesmo debaixo del consta a data da primeira reconstrución que sufriu. Foi no ano 1698 a conta dun devoto anónimo.



A capela ten unha soa nave rectangular, con tribuna. Catro pilastras interiores sustentan as cerchas metálicas que sustentan o tellado, que é a dúas augas.

Tivo diferentes reformas das que consta unha en 1906 e outra en 1970, que foi a que lle engadiu o pórtico exterior. Este remata nunha espadana de dous ocos, coroada por un frontis triangular e cruz de remate. Nos extremos pináculos cónicos, semellantes os dos extremos do paramento.

Unha placa na fachada lémbranos que a última restauración realizada no ano 1990 foi subvencionada pola Xunta de Montes Veciñais.

Cóntase que no adro estableceu o cuartel xeral o Abade do Couto, D. Mauricio Troncoso de Lira, na Guerra da



Independencia, para desde aquí reconquistar a cidade de Tui que estaba en poder dos franceses baixo o mando do Xeral Lamartiniere.

Non moi lonxe da capela atópase un cruceiro levantado no ano 1911. Cerrado por rexa de ferro e sobre dous chanzos aséntase a base do mesmo. Ten traballadas as catro caras. Na frontal representa a Adán e Eva na expulsión do paraíso; as outras tres teñen placas de mármore para inscricións, que só aparecen nunha delas con este texto:

“DOM
EDIFICOSE ESTE CRUCERO
A DEVOCIÓN DE D JOSE
MARTINEZ Y SU ESPOSA
D DOLORES EN 20 DE
MAYO DE 1911
SIENDO ABAD DE ENTIENZA
D CLAUDIO GONZALEZ”.

O varal é cilíndrico e con estrías. Mesmo baixo o capitel, sobre un anxo que fai de peaña, está a Dolorosa. O capitel adórnase con espirais nas esquinas e follas de acanto.





No centro de cada lado ten unha cabeza de anxo. A figura dun Cristo morto susténtase por tres cravos na cruz. Esta é cilíndrica e semellando tronco de madeira, cos extremos en bisel. Un anxo con cáliz recolle o Sangue do costado aberto. No remate está a cartela do INRI.

Pola parte traseira da cruz hai diversos elementos da Paixón.

Capela de S. Brais (132)

Na barrio de Pedra Carballa.

Esta capela foi de propiedade particular como nos mostra o escudo dos Pinedas que ten na súa fachada principal.

Está cerrada lateralmente por dous portalóns metálicos de entrada ás propiedades particulares dos veciños. Na festa, para poder realizar a procesión ao redor dela, ábreanse os portalóns destas propiedades.

A fachada principal remátase en capias que ascenden ata a espadana, de un só oco de medio punto e coroada por dous pináculos piramidais con bola nos extremos e cruz central.

Ao igual que a da Ascensión foi restaurada no ano 1990 coa subvención da Xunta de Montes Veciñais que, como consta na placa que puxeron na fachada, tamén agasallaron a campá.

Ten un pequeno retablo con tres fornelas. A central ocúpaa S. Brais, e as laterais S. Xoaquín e Sta. Ana, os pais da Virxe María.

No barrio da Pedra hai un dos cruceiros máis antigos da provincia de Pontevedra. Ten a base cúbica directamente apoiada no chan, e nela diversas inscricións. Na parte dianteira pon *"POR LAS ANIMAS"*. Na traseira xa se perdeu o nome do devoto que o mandou facer, pero lese perfectamente o ano *"AÑO DE 1680"*. As letras gravadas aparecen pintadas agora en negro co engadido seguinte: *"RECTIFICADO EN EL AÑO 1978 POR A M R Y E B F"*.

O varal é octogonal. O capitel, xa moi erosionado, adórnase con follas de acanto. A cruz é rectangular e presenta un Cristo en agonía.

FESTAS E ROMAXES DE ENTENZA

- San Brais: 3 de febreiro
- Asunción da Virxe (131): o día da Ascensión do Señor e o 15 de agosto
- Stos. Xusto e Pastor: 6 de Agosto.

132

